

**Branca Villar
Alvariño**



A saudade da ialma

A saudade da ialma
Branca Villar Alvariño

Edición: Agosto 2018

- © Deseño e Maquetación: Culturalia GZ e NPG Nova Poesía Guitirica
- © Dos poemas: Branca Villar Alvariño
- © Desta edición dixital: Culturalia GZ e NPG Nova Poesía Guitirica
- © Imaxes da portada, contraportada: Culturalia GZ e NPG Nova Poesía Guitirica

<http://culturaliagz.com/>
info@culturaliagz.com
dosvilares@gmail.com
www.dosvilares.com
www.facebook.com/osvilares

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución o comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

A meu Pai Antón María Villar Cancelo (12/4/1956 - 10/19/2015)

Que as conversas da xeración Nós te acompañen,

e o Che celebre contigo a igualdade

e liberdade da humanidade na eternidade.

Branca Villar Alvaríño



Natural de Labrada, Guiliriz

naceu o 8 de abril de 1979

**auxiliar de enfermería e
estudante de masaxismo ,
forma parte da NPG
Nova Poesía Guilirica
e do grupo cultural iagz**

ÍNDICE

1. APERTA ETERNA
2. DAS TERRAS DO MIÑO
3. NON SON POETA
4. BÁLSAMO PARA A IALMA
5. PENDURANDO DUN FÍO
6. DOR
7. A MULLER QUE SON
8. OUTRO TEMPO
9. VENTO VIAXEIRO
10. FÁLAME PASENIÑO
11. OS SEUS OLLOS
12. ESPÍÑAS
13. A MIÑA PEQUENA MILAGRE
14. ANSIEDADE
15. RETALLOS DE VIDRO
16. COMPAÑEIRO DE ANDAINA
18. SENTIR
19. ESCURIDADE
20. NOSTALXIA
21. ESTOU APRENDENDO A VOAR
22. SEMPRE COA TÚA AFOUTEZA.

APERTA ETERNA

Achégase o día,
do teu pasamento.
Mares de saudade e morriña,
asoláganme a *ialma*.
Mudou o meu mundo,
escachou...
Océanos infinitos de tristura,
afogan cada salaio,
Que nin as verbas calman.
A memoria non se apaga,
neboenta noite de novembro,
que me arrincou
un pilar que amaba.
Ollo a faciana de miña nai.
Miro para meu irmán,
os seus ollos,
dinme...
Que non te vou ver máis...
Douche a última aberta,
para a miña memoria,
eterna...
Choro esgotada...
Agora,
aquí me tes
como ti querías
compoñendo verbas de poesía.
Nestas datas,
a tristura
alóngase no tempo
dende ese día,
o meu mundo quebrou,
Sinto impotencia,
xa non hai volta atrás,
xa non vou ouvir
a túa voz,
o teu sorriso,
transportado polo ar.
Ata sempre Antón M^a!
Ata sempre papá!

DAS TERRAS DO MIÑO

Das terras do Miño veño,
morriña e saudade traio,
espallo en cada verso,
coma o vento as sementes,
o meu sentimento.

Quizabes me fixo así,
a miña terriña senlleira,
a enxebre terriña celta.

Tiven por nai
as entrañas da natureza,
a Cova da Serpe por pai,
meu padriño o Pico de Suatorre,
por madriña a Terra Chairega.
Das terras do Miño veño,
onde o son da auga,
o seu doce canto
lévase moi dentro.

NON SON POETA

Non son poeta,
só son un náufrago
no labirinto das verbas.

Non son poeta,
só escribo sentimentos
que anoo en poemas.

Non son poeta,
só pingo bágoas
cando escribo unha letra.

Non son poeta,
son retallos da ánima
que a man atravesan.

BÁLSAMO PARA A IALMA

Derramei no limbo do esquecemento
esas noites esgazadas,
de soños con monstros.
Que tormento me daban!
Son lembranzas que me atrapan,
De xeito que verto
toda a coita recibida
en ardentes versos
ou verbas conxeladas,
que escritas
pensan menos,
son a menciña indicada.
A vida percorre dividida,
en momentos pendurados,
onde trato de anestesiarse a *ialma*,
e a dor non natural
que xermola en palabras,
asemade pesadume fonda,
son gadoupas cravadas.
Boneca de trapo
coa que xogaron
ata esnaquizala.
Pola noite o maxín vaga,
esas feridas...
que pesan tanto no ser...
as cicatrices,
en parte curadas,
polas que derramei
tantas bágoas,
eses pesares na ialma,
que me anegan,
que me abafan.
A veces,
as nubes treboeiras,
que se arremuíñan no meu senso,
non me deixan ver
máis alén da treboada,
máis cada vez
que derramo tinta
rexurdo...
como ave Fénix da nada,
con toda a miña afouteza,
cada vez que espallo verbas,
cada vez que sangro poemas,
son o meu bálsamo para a ialma,

son a miña loita,
contra esas tristuras
que se as deixas matan,
matan quen es,
convértente en nada.
Por iso sangro poemas,
por iso choro palabras,
son a miña loita,
o meu bálsamo para a ialma.

PENDURANDO DUN FÍO

Abafada,
pendurando dun fío,
asomada ó baleiro,
tan soa,
coma un día de inverno,
xélido, frío.
Ca gorxa atoada
de berros,
ó todo,
a nada,
co corpo
de dor aterecido,
pensando en Caronte,
que me leve
na súa barca,
o río das almas atravesar.
Na miña man
dúas moedas gardei
para cando me veña buscar,
namentres vexo
o sangue correr
atavesando
as miñas mans.

DOR

As ligazóns aparentes coa dor,
dende a miña infancia,
fai que sexa convulsa e patente,
na miña ialma.

Maxín atormentado dende o máis distante pasado.

Aldraxes, traizóns, golpes.

Por algúns aínda me sinto anoada.

Vivindo a infancia

tras unha xanela,

sen poderme mover case nada.

E anegada a ánima,

de inxurias dores e penurias,

ollos xuíces sentenciaban:

É distinta.

Hai que afastala.

Entre os retrincos

da miña memoria,

quero rachar as cadeas,

que me anoan,

deixar de ver o mundo dende unha fiestra,

facer voar o corpo,

o espírito adormecido,

espertar do purgatorio,

e voar...

Nas fermosas ás do vento.

A MULLER QUE SON

Ao longo do tempo
as bagaxes entre tebras
na miña vida,
foron facéndome un camiño,
anegado de sentimentos,
angustia, ansiedade, inqueda.
A desconfianza,
vencellouse ao meu vivir,
persoas que coñecía,
serían quen traizoarían
a miña anima.
Parte do meu ser,
Quebrou, fendeu, rachou...
outro pouco
de sufrimento se forxou.
Nas estreitas calexas do senso,
illada no limbo do pensamento,
repasando cos anteollos do tempo,
esa dor,
ó fin e ó cabo,
construíu a muller que son.
Por que un pouco diso me define,
emporiso,
apesares do vivido,
outro anaco de min,
son...
Eses retallos de ledicia,
eses tempos de lecer
espallados no tempo,
cheos de saudade.
Fan que, apesares de caer,
me erga teimuda
para trocar de páxina
e botarme a camiñar.

OUTRO TEMPO

Ollo pola fiestra
e o son do orballo,
faime viaxar
a outro tempo...
Eses días de nenez,
cando o simple
era todo un descubrimento.
Transpórtame...
a esas conversas
ó carón do lume do fogar,
o son da voz de meu pai,
ensinándome a cantar...
Lévame...
A esas tardes de outono,
observando as follas caer
paseniñamente,
sen présa,
ata o chan.
Tornan as lembranzas,
e oio asubiar,
á miña avoa,
ou mesmo cantaruxar,
namentres cosía
nesas tardes de outonía.

VENTO VIAXEIRO

A través de montes e vales,
o vento viaxeiro
tráeme cantares do nordés,
ule a espuma de mar,
a orballo,
mesturado con terra mollada.
Acariña as follas das árbores
con voz doce e calada,
deixa ondas na herba,
mentres leva preguiceiro, arrecendo a flores,
a terras afastadas.
Trae ialma xélida,
máis entoa doce unha nana,
acompañame cando camiño,
nas noites de luar, estreladas.
Trae cantares mariñeiros,
trae cantares de naos
entre néboa,
noutro tempo varadas.
Vento viaxeiro do nordés,
lévame...
lévame para onde vaias.

FÁLAME PASENIÑO

Fálame paseniño,
na lingua da terra onde nacín.
Fálame paseniño,
na lingua do meu berce.
Fálame paseniño,
na lingua dos meus devanceiros,
Fálame paseniño,
nesta fala de reis.
Fálame paseniño,
nesta fala de pobres,
máis é unha fala das máis nobres.

Fálame paseniño,
nesta lingua que enfeitiza.
Fálame paseniño,
nesta lingua que con dozura acariña,
Fálame paseniño,
que cada átomo do meu ser
está impreso nela.
Fálame paseniño,
engaiolándome na lingua das meigas.
Fálame paseniño,
na lingua dos nosos poetas.
Fálame paseniño,
na lingua amada do meu pobo.
Fálame paseniño,
fálame na miña lingua,
pois é o idioma,
que en min habita,
só con oír o seu morno aloumiño namoro.

OS SEUS OLLOS

Prendía coma unha parva
na súa eiva ollada,
os seus inesquecibles ollos
contaban historias,
deixábanme inerte a ialma.
Profundo, penetrante ollar,
pequenas faíscas alumaban,
cando se entreabrían,
sentíame aloumiñar.
Adiviñándome os pensamentos,
denantes de chegalos pronunciar.
Murmuraban historias,
trasnos ledos.
Prendida estaba,
do seu ollar.
Con só mirarme,
podíame falar.
Murmurándome historias,
Arroibándome a pel da faciana,
senalando a miña boca
coa ollada,
fiquei enfeitizada,
polo arume que exhalaba.
Case podía sentilo roce
dos seus beizos,
o bicar,
Só eran os seus ollos,
Estremecíanme...
Puiden albiscar,
a través do seu ollar,
amenceres, solpores,
noites de lúa chea,
era coma viaxar...
Era no Eden estar.

ESPIÑAS

Esa teima miña,
de abrazar as roseiras,
sabendo que marcan,
con fendas cor escarlata,
pois xa moran
e aniñan no meu peito
as espiñas
das rosas máis fermosas.

A MIÑA PEQUENA MILAGRE

Endexamais me pasara polo maxín,
non chegara a pensar,
que a data do teu nacemento,
me asolagaran
sentimentos tan dispares.
Medo, ledicia, inquedanza, ilusión...
Recendías a vida,
tan pequena, tan fráxil,
tan máxica.
Nas túas mans, miúdos dediños,
semellaban pétalos de flores,
a túa faciana
tan fermosa.
A miña pequena milagre,
con esa ledicia contaxiosa,
só pensaba en protexerte...
Entón comprendín ruliña,
a que se lle chama,
amor de nai;
non hai sentimento tan grande
que con verbas se poida expresar.

ANSIEDADE

Preocupacións pequenas
aparecen da nada.
Ese baleiro no peito,
que sempre
me ten desacougada.
Nobelos de lá
que me anoan,
que me atan
sentimentos de inqueda.
Son un oco
que non acouga.
Pequenos trasnos rebulindo,
atoándome as entrañas.
Fan que durma
cos ollos abertos,
axexan...
detrás do cabezal da miña cama.
Elas nunca repousan...
A sensación de incerteza,
interrogantes na faciana,
son larpeiros que me corroen,
diaños que me atrapan.

RETALLOS DE VIDRO

Fendín en dous,
pendurei o crespón no corazón,
cando a parca,
nos seus brazos,
a meu pai levou
cabo Caronte,
polo río do máis aló.
Un milleiro,
de retallos de vidro,
inzan sen calma de bágoas,
o infausto momento,
onde me decato
que non volverá,
endexamais...
Sentilo todo,
asemade sentila nada,
quedar mutilada nese intre
pola súa esencia esvaecida.
Esmiuzada coa labazada,
non hai salouco,
non hai pranto
que dean amainado
o ser enloitado.

SENTIR

Camiñar...

descalza pola area.

Sentir...

a enerxía do mar.

Ultr...

o salgado recendo.

Sentir...

o aloumiño do vento.

Rozar

a espuma do mar coas mans.

ESCURIDADE

Por que intúo
que rexeitarías
a escuridade
que mora
na profundidade
do meu ser.

Máis as luces
que alumean
no meu interior
non esmorecen,
son os xermolos,
do meu verdear.

NOSTALXIA

O día agoireiro péchase,
tínguese de gris,
pequenas gotas anuncian
que vai barruzar.
O son da choiva
no lousado
faime lembrar,
viaxar ó pasado,
ó colo de meu pai
cando era unha nena,
e só quería soñar.
Ás veces...
aínda sinto
o teu arume pola casa,
son momentos de nostalxia,
case podo verte no tallo
onde sentabas,
ou ouvindo a túa voz
chamándome para que vaia...
gargalladas de ledicia
cando un chiste contabas,
ou lembrar
cando a nosa terra me ensinabas.
Son momentos de nostalxia.

ESTOU APRENDENDO A VOAR

Estou aprendendo a voar,
sen mans que me agarren decontado.

Estou aprendendo a voar,
a librarme das *ataxes* do pasado.

Estou aprendendo a voar,
a soltar lastre que fai dano.

Estou aprendendo a voar,
camiñar soa non é malo.

SEMPRE COA TÚA AFOUTEZA

Anegándome das verbas
que me murmuran as árbores.
Empapándome dos sentimentos
que me embargaban nos Ancares.
Sentíndome coa forza do mar,
de todo o noso litoral.
Voando libre,
ó son do ar.
Ollando dende o banco de Loiba
ó océano danzar
inzada da túa enerxía.

De xeito que,
cando me anego do teu espírito,
cando recendes
despois de moito orballar,
cando deixo os meus pés
polas terras do Eume vagar,
coma as túas rías,
facendo camiño cara ó mar.

Insondable e máxica,
como a brétema
estendéndose polo val.
Misteriosa coma a lúa,
bañándote co seu luar.

Ás veces un pouco vella,
ás veces un pouco nena,
pero sempre Galiza
coa túa afouteza.

#Estraperloculturalia

Poesía

